

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DA POBRA DO BROLLÓN
CURSO: 5º E 6º DE PRIMARIA
MATERIA: LINGUA GALEGA
DEPARTAMENTO: Adoración Fernández González
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 5º de primaria		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B1.1	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.	CCL/CAA
B1.2	LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	CCL/CD/CAA CSC
	LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.	CCL/CAA/CD
	LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.	CCL/CSC CCEC
B2.1	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás	CCL/CD/CSC
	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).	CCL
B2.2	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña.	CCL/CAA/CSC CSIEE/CMCT
B2.3	LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.	CCL/CAA
	LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.	CCL/CAA
B2.6	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.	CCL/CSIEE CAA
B2.7	LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados	CCL
B2.11	LGB2.11.1. Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.	CCL
	LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas	CCL/CSC CAA/CSIEE
B3.2	LGB3.2.2. Redacta textos xornalísticos (noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas) e (anuncios e carteis), imitando modelos publicitarios moi sinxelos.	CCL/CSC/CCEC /CAA
	LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	CCL/CAA/CSIEE

B4.1	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artíglp pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.	CCL/CAA
B4.2	LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x.	CCL
B4.7	LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras	CCL
B3.4	LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.	CCL/CSC/CCEC /CAA/CSIEE
	LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo	CCL/CAA/CSIEE
B4.1	LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos	CCL/CAA
B4.3	LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados	CCL
B4.3	LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.	CCL
B3.2	LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.	CCL/CAA
	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.	CCL/CSC/CCEC
	LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	CCL/CSC/CAA
B4.7	LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.	CCL/CAA
B3.2	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións	CCL/CAA/CD
B3.7	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte.	CCL/CD/CAA
B4.4	LGB4.4.2. Recoñece determinados procesos de cohesión nos textos: anáfora, sinónimos...	CCL/CAA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 6º de primaria

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
B1.1	B1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.	CCL / CAA
	B2.1.2 Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.	CCL
	B1.7.2 Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando nexos adecuados.	CCL/CCEC
	B1.7.4 Amosa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.	CCL
B2.1	B2.1.1 Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	CCL/CD/CSC
	B2.1.2 Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).	CCL
	B2.1.4 Interpreta metáforas, personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos.	CCL/CAA/CSIEE
	B2.1.5 Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión.	CCL/CAA/CSIEE
B2.3	B2.3.1 Realiza o subliñado das ideas principais dun texto.	CCL/CAA
	B2.3.2 Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias.	CCL/CAA
	RB2.3.3 Realiza o resumo dun texto.	CCL
B2.5	B2.5.1 Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.	CD
	B2.5.2 Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto.	CD
	B2.7.3 Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.	CCL

B3.1	B2.11.2 Expresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	CCL/CSIEE/CAA
	B3.1.2 Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.	CCL
	B3.1.4 Respecta as regras de puntuación no texto.	CCL/CSC/CCEC
	B3.1.5 Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.	CCL
	B3.2.5 Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	CCL/CSC/CAA
B3.4	B.3.4.1 Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...	CCL/CSC/CAA
	B3.4.2 Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica.	CCL/CSC/CAA
B3.7	B3.7.1 Utiliza recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.	CCL/CD/CAA
	B3.7.2 Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.	CCL/CSC
B4.1	B4.1.1 Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.	CCL/CAA
	B4.1.2 Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.	CCL/CAA
B4.8	B4.1.5 Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.	

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: O traballo do 3º trimestre, tal e como indica a instrución referida anteriormente estivo encamiñado ao reforzo e recuperación no caso do alumnado suspenso, para a adquisición das competencias clave e dos contidos dados ata o momento. Así mesmo, unha vez que todo o alumnado contou co material informático necesario, e estivo en condicións de acceder á aula virtual introducíronse aqueles contidos que consideramos imprescindibles, e aos que o alumnado podía acceder a través de medios telemáticos. Estes contidos están relacionados cos mínimos esixibles.</p> <p>Criterios para valorar o traballo desenvolvido no 3º trimestre teranse en conta os seguintes :</p> <ul style="list-style-type: none"> • A entrega das tarefas pedidas: A puntualidade e interés na entrega das tarefas, así como o seguimento do traballo diario. • A valoración positiva da realización desas tarefas, así como o seu interés en preguntar dúbidas, e facer os traballos ben. • A presentación dos seus traballos: claridade, orde, limpeza. • A coherencia, fluidez e preparación dos traballos nos discursos orais e a coherencia, estrutura organizada, corrección ortográfica, e creatividade na elaboración dos textos escritos.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Rúbrica na que integramos os criterios Anexo I • Lista de control sobre as tarefas entregadas e non entregadas,, participación nos foros, rexistros de entrada na aula... • Rexistro anecdótico sobre a implicación d@s nen@s/familias, capacidade de resposta ante as TIC e actitude ante a nova forma de traballo.
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso: Calculárase a media das dúas primeiras avaliacións. A esta media engadiráselle ata un máximo de dous puntos que se obterán da valoración dos traballos realizados durante o periodo de confinamento. En ningún caso restará á puntuación acadada na media das dúas primeiras avaliacións, polo que a valoración do alumnado polos traballos realizados neste terceiro trimestre partirá de 0 a un máximo de dous puntos.</p> <p>Estes dous puntos acadaranse atendendo á unha rúbrica que conterá os criterios sinalados anteriormente- (Anexo I)</p>

METODOLOXIA

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Creouse un curso para cada curso baixo o nome de “Cuarentena” e dispuxéronse dentro do mesmo as diferentes materias. Creamos un novo horario que se fixo chegar ás familias de xeito que se establecese unha rutina e facilitando o acceso dos nenos e a xestión do traballo académico por parte das familias ante unha situación de extraordinaria complexidade a todos os niveis. Establecemos como Básicas as materias de matemáticas, lingua galega, lingua castelá, lingua extranxeira- inglés, e ciencias naturais e sociais. Destas materias e en función do horario, o alumnado accedía ás actividades que estaban na aula dende primeira hora da mañá. No inicio da aula escribíase a tarefa diaria de cada alumno, con explicacións, video titoriais, e actividades a facer así como mensaxes de ánimo. Unha vez realizada a tarefa, o alumnado remitía imaxe ou documento da mesma, que era corrixido ese mesmo día polo profesor responsable da materia. Dita corrección, fáiselle chegar ao alumn@ na maior brevidade posible.</p> <p>Con respecto ás demais materias, súbense recursos e actividades con regularidade, se ben se acordou que tivesen carácter VOLUNTARIO, co fin de non sobrecargar o traballo e a de alumnos e familias.</p> <p>Repaso: Realizáronse actividades deste tipo: a través de material fotocopiado na finalización do 2º trimestre, ata as vacacións de semana Santa. O alumnado levou material de repaso fotocopiado e pautado dende o centro.</p> <p>Reforzo: Este tipo de actividades estase a levar a cabo dende o inicio do 3º trimestre reforzando aqueles contidos que lles permitan ao alumnado o afianzamento da lingua:</p> <p>A clasificación das palabras como adxectivos, substantivos, verbos, adverbios....</p> <p>As encamiñadas a unha lectura fluída coa entonación, ritmo e comprensión axeitadas á súa idade así como o disfrute e enriquecemento que supón ler.</p> <p>A creación de textos diversos: carta, redacción, descripción... coa corrección ortográfica, puntuación axeitada, estrutura coherente e creativos.</p> <p>O discurso oral axeitado, fluído e con emprego de vocabulario rico, axeitado á súa idade.</p> <p>A comprensión de textos, comentario de textos, vocabulario.</p> <p>Ampliación: Aquelas que leven ao alumnado a adquisición dalgúns</p>

	<p>minimos esixibles e que son posibles a través de medios telemáticos.</p> <p>Na páxina web do centro tamén se atopa material de apoio ás familias seleccionado polo DO, que lles axude a xestionar ben as emocións para mellorar o seu benestar emocional.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>O grupo está formado por <u>8 alumnxs 4 de 5º e 4 de 6º</u> que dispoñen de conexión a internet diariamente, a través do móbil ou dun ordenador.</p> <p>Un alumno de 5º que non tiña ordenador prestóuselle dende o centro.</p> <p>Para a entrega de traballos fotocopiados tamén contamos coa colaboración do concello (Área de servizos sociais) para fotocopiar os materiais a aquelas familias que non dispoñen de fotocopiadora nas súas casas así como a entrega dos materiais fotocopiados.</p> <p>A ferramenta fundamental empregada para primaria é a aula virtual.</p> <p>O alumnado envía as tarefas feitas para a súa corrección e posterior reenvío ben subíndoas á aula virtual ou a través de whatsapp cando lle resulta difícil subir as imaxes coas tarefas feitas no caderno.</p> <p>Outro medio empregado é o correo electrónico.</p> <p>Existe comunicación fluída con todas as familias do grupo a través de teléfono, whatsapp ou abalar mobil.</p> <p>En ocasións, as dúbidas resólvense por chamada telefónica e a previsión de dificultades a través de vídeos titoriais.</p> <p>Determinados avisos realízanse a través da aplicación abalar móbil, á que acceden todas as familias do grupo</p> <p>O grupo de whatsapp tamén foi moi útil para realizar actividades de expresión oral, que motivasen ao alumnado e fíxese de canle de comunicación coas familias do centro. Por exemplo o alumnado de 5º e 6º realizou audios cos que se realizaron programas de radio e se divulgaron a través de emisoras cercanas como Eco FM ribeira Sacra, unha canle de you tube do concello GuimaraliaTe Ve e incluso a través de Whatsapp chegaron os seus contos ás demais familias e compañeiros.</p> <p>Progresivamente introducírase o servizo de videoconferencia a través de webex.</p> <p>Por tanto, empregamos unha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas coa resolución de problemas</p>

	<p>en contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de <u>actividades de aprendizaxe integradas</u> que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Baseámonos así nunha perspectiva construtivista da aprendizaxe.</p> <p>Poñemos énfase na atención á diversidade do alumnado. Nestes casos o contacto coas familias e moito máis contínuo así como o seu seguimento. Contamos</p> <p>Debemos destacar a importancia na etapa de primaria do xogo como elemento motivador e que permite lograr aprendizaxes significativas.</p> <p>Como queda de manifesto, a natureza da materia, as condicións do alumnado, a dispoñibilidade de recursos...condicionan o proceso de ensinanza – aprendizaxe e os métodos empregados.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Todos os materiais utilizados baséanse no libro de texto, xa que non convén que xs nenxs estean expostos a unha pantalla máis aló de 90 minutos diarios. Tendo en conta esta premisa, cada día lle son enviados tanto os exercicios como as explicacións á aula virtual. Os recursos informativos poden ser vídeos, presentacións, documentos escritos que teñen sempre unha duración breve polo exposto anteriormente.</p> <p>O alumnado fai o traballo na súa libreta, faille unha foto e envíao ao mestre para a súa corrección a través da ferramenta de Moodle “Tarefa”. Tamén se fixo algunha actividade de grupo coa ferramenta “Foro” e colgáronse algúns libros gratuítos en formato PDF para o acceso libre do alumnado.</p> <p>Tamén se elaboraron tutoriais sobre o uso da aula que están na sección “Como fago para?”.</p> <p>A comunicación co alumnado faise a través da mensaxería da aula, de mensaxería instantánea, chamadas e a través dos foros feitos a tal fin. Tamén se creou un foro para a relación entre o alumnado.</p> <p>Por último, creouse unha materia chamada “Recreo” na que se suben direccións con recursos, retos, xogos e demais actividades con carácter máis recreativo</p> <p>O caderno do alumno e seu material de aula.</p> <p>Outros recursos dixitais da rede: vídeos, repositorio abalar, xogos interactivos, páxinas web, recursos fotocopiáveis na rede.....</p>

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A ferramenta principal que empregamos para a comunicación co noso alumnado é a aula virtual. Dende ela titorizaranse o desenvolvemento dos contidos e as tarefas diariamente. O alumnado entregas aquí para a súa corrección.</p> <p>Daránselle outras opcións a aquel que presente dificultades para subir as tarefas como correo electrónico ou whatsapp.</p> <p>Outras canles empregadas de comunicación coas familias e alumnado son a través do teléfono, whatsapp ou abalar mobil, aplicación coa que contan todas as familias do grupo aconelladas dende o centro.</p>
Publicidade	Estas programacións serán enviadas á inspección educativa e publicadas na páxina web do centro como o indica a instrucción.